

MARIE CURIE

María Sklodowska naceu en 1867 en Varsovia, a capital de Polonia; pero aos 24 anos tivo que abandonar o seu país porque as mulleres non podían estudar na Universidade. Dende moi pequena quixo dedicarse á investigación, e para cumprir o seu soño mudouse a París coa idea de asistir a unha prestixiosa universidade francesa na que as mulleres eran admitidas.

En París estudou Física e Matemáticas e coñeceu a Pierre Curie, o gran amor da súa vida e o seu compañeiro de investigación. Del tomou o apelido Curie polo que é coñecida en todo o mundo.

Marie Curie licenciouse en Física pola Universidade de París, sendo a número un da súa clase. O seu interese pola Física non rematou despois de obter o título, senón que continuou a súa formación. O seguinte paso foi doutorarse.

O 21 de decembro de 1898, Marie e Pierre descubriron un novo elemento, o radio, un fito na historia da Química e da Física. Pouco tempo antes, o matrimonio xa descubrira o polonio, que debe o seu nome ao país de orixe de Marie. Os Curie asentaron así as bases da Física Nuclear moderna cos seus estudos sobre radioactividade, termo que Marie utilizou para describir os raios emitidos polo uranio. Foi ela precisamente quen, utilizando as técnicas piezoeléctricas inventadas polo seu home, mediu as radiacións na pechblenda, un mineral que contén uranio. Cando observou que estas eran máis intensas que as do elemento, deuse de conta de que tiña que haber outros materiais descoñecidos, tamén radioactivos.

En 1903 Marie Curie fai historia ao converterse na primeira muller en recibir un Premio Nobel, concretamente na disciplina de Física, polo descubrimento de elementos radioactivos. Nun primeiro momento a Academia propuxo só a Pierre Curie e a Henri Becquerel como candidatos ao premio. Indignado ao coñecer a nominación, o matemático Gösta Mittag-Leffler avisou a Pierre, quen foi rotundo na súa resposta: “se é certo que alguén está pensando en min para o Nobel, queredo ser considerado xunto con Marie Curie polo noso traballo nos corpos radioactivos; a súa parte é moi grande neste descubrimento”. Daquela, Marie foi incorporada á candidatura e en 1903 as tres persoas foron galardoadas co Nobel de Física.

Marie e Pierre recibiron 15.000 dólares, en recoñecemento aos extraordinarios servizos prestados na súa investigación conxunta sobre fenómenos de radiación descubertos xunto con Henri Becquerel.

O recoñecemento internacional foi inmediato, pero Curie tivo que continuar traballando en solitario a partir de 1906, ano no que falece o seu home. A morte de Pierre Curie facilitou que a cátedra de Física da Sorbona que lle fora concedida pasase á súa dona, que se converteu así na primeira muller en dar clases nesta Universidade. Non foi doado. A pesar da expectación que suscitou o seu progreso, tamén foi interrogada e mal entendida nalgúns círculos.

Mais Marie continuou traballando. Consegue purificar cloruro de radio e paralelamente, segue estudando a radiación do polonio. O seu esforzo vese recompensado e en 1910 consegue illar 1 g de radio puro; algo que lle valería un segundo Nobel, desta volta en Química, polo descubrimento do radio e do polonio.

Foi unha época dura na vida de Marie, pois viuse envolta nun escándalo amoroso co que intentaron desacreditar o seu traballo. Pero ela non se dá por vencida, segue coa loita e grazas á súa perseveranza contrúese o Instituto do Radio na rúa Pierre Curie do que xurdirá o Instituto Curie.

En 1914, co comezo da guerra, Marie abandona a investigación e ponse ao servizo do seu país. Inicia un inventario dos materiais de raios X das universidades para crear un servizo de radioloxía móbil que ela mesma levou ao fronte, ocupándose así de coidar aos feridos e de axustar os aparatos, evitando moitas amputacións. Paralelamente, no Instituto do Radio fórmanse en dous anos 150 manipuladores de radioloxía. Porén, a súa exposición continua á radiación levouna a períodos de debilidade e mesmo causou a súa morte por unha leucemia en 1934.

Marie Curie foi a primeira persoa da historia que conseguiu dous Premios Nobel e, ata o de agora, é a única muller que obtén esta dupla.

Paula Cal Casqueiro
Noa Ventura Martínez

1º Bacharelato B